

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

En Santiago de Compostela, a 21 de decembro de dous mil dezaseis

REUNIDOS

Dunha parte, don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, segundo o disposto no Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomea conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a Román Rodríguez González, de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Da outra, don **ANTONIO DE LA IGLESIA SORIANO**, presidente da Federación Autismo Galicia, segundo acordo da Asamblea xeral extraordinaria en sesión realizada o día 19 de xullo de 2014, con CIF G-15549306, con domicilio social Rúa do Home Santo-Bonaval, nº 74, baixo, CP 15703 Santiago de Compostela e inscrita no Rexistro central de Asociacións co nº 2003/00095-2.

EXPOÑEN

1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, impulsada pola Lei orgánica 8/2013,

do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con Trastorno do Espectro Autista .

2. Que a Federación Autismo Galicia é unha asociación sen ánimo de lucro, coa misión de mellorar a calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro Autista e das súas familias.

3. Que entre os fins da Federación Autismo Galicia figuran:

- a) Servir de nexo de unión entre as distintas Socias numerarias e outro tipo de asociadas.
- b) Defender a dignidade e os dereitos civís, políticos, económicos, culturais, sociais, laborais, etc. das persoas con Trastorno do Espectro Autista, en igualdade de oportunidades.
- c) Promover a integración social, laboral e a normalización das persoas con Trastorno do Espectro Autista, fomentando actitudes sociais positivas cara ao colectivo en Galicia.
- d) Desenvolver todo tipo de accións encamiñadas a mellorar a calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro Autista e das súas familias.
- e) Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo con criterios de solidariedade, promovendo unha imaxe común da federación.
- f) Promover a formación e a investigación sobre os Trastornos do Espectro Autista.

4. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir “apoios ou providións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con Trastorno do Espectro Autista.

En consecuencia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Autismo Galicia acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Autismo Galicia nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con Trastorno do Espectro Autista.

Segunda. *Persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán o alumnado con Trastorno do Espectro Autista que recibe apoio da Federación Autismo Galicia de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, escolarizado nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como o profesorado e as familias dese alumnado.

Terceira. *Desenvolvemento da colaboración*

1. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoverá na formación permanente do profesorado, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración da Federación Autismo Galicia nas accións relativas á atención á diversidade e á formación do profesorado que atende a alumnado con Trastorno do Espectro Autista.

2. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Autismo Galicia colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao alumnado con Trastorno do Espectro Autista.

3. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facilitará a colaboración do persoal profesional da Federación Autismo Galicia nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que contén con alumnado con Trastorno do Espectro Autista.

A solicitude de colaboración do persoal profesional da Federación Autismo Galicia debe realizarse por parte do centro docente e as liñas xerais desa colaboración poderán ser:

a) Asesoramento na atención educativa ao alumnado con Trastorno do Espectro Autista escolarizado nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como aos centros que escolaricen este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias. A colaboración da Federación Autismo Galicia na atención ao alumnado con Trastorno do

Espectro Autista, no marco que se estableza entre o centro docente e o persoal profesional da Federación Autismo Galicia poderá contemplar tanto actuacións de carácter preventivo como actuacións concretas co alumnado con Trastorno do Espectro Autista, co seu profesorado e coas súas familias.

b) Colaboración na orientación sobre metodoloxías axeitadas á intervención educativa do alumnado con Trastorno do Espectro Autista, sobre a súa avaliación e sobre as adaptacións curriculares que se estimen necesarias.

c) Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requira en relación co tratamento do alumnado con Trastorno do Espectro Autista.

Cuarta. *Colaboración do persoal da Federación Autismo Galicia nos centros docentes*

1. Tendo en conta os termos xerais referidos na cláusula anterior e o principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros docentes, o director ou a directora de cada centro, o persoal especialista da Federación Autismo Galicia e as familias do alumnado con Trastorno do Espectro Autista establecerán os termos concretos desa colaboración. Eses termos deben formar parte das medidas de atención á diversidade previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, das normas de organización e funcionamento e/ou das correspondentes programacións xerais anuais de cada centro.

2. O profesorado titor ou, se é o caso, profesorado designado pola dirección do centro será o responsable de coordinar as posibles actuacións concretas das persoas especialistas da Federación Autismo Galicia en cada un dos casos e de manter informada a cada unha das familias.

3. As actuacións do persoal especialista da Federación Autismo Galicia nos centros docentes entenderase dentro do principio de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo alumno ou alumna e coa finalidade de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada á súa particular forma de ser e de aprender. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender o alumnado con Trastorno do Espectro Autista; ter cumprida a obriga imposta polo artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (LOPXM), introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia; ter regularizada a súa situación laboral coa Federación Autismo Galicia e respectar os principios de autonomía organizativa de cada centro docente, así como o seu proxecto educativo.

Quinta. *Relacións laborais*

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Asociación e a Xunta de Galicia, de tal modo

que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sexta. *Comisión de seguimento*

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2. A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.

c) Elaborar un informe anual sobre o funcionamento do convenio.

Sétima. *Avaliación dos procesos de colaboración*

1. A avaliación dos procesos de colaboración establecidos entre cada un dos centros docentes e o persoal da Federación Autismo Galicia deseñase por parte da comisión mixta e nela recollerase información facilitada polo propio centro docente e polo persoal da Federación Autismo Galicia.

2. Na reunión ordinaria da comisión mixta posterior ao remate de cada curso escolar analizarase a información recollida no curso anterior e elaborase un informe ao respecto.

Oitava. *Interpretación do convenio*

As dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, que ten carácter administrativo, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, a súa interpretación, cumprimento e execución corresponderá aos tribunais contencioso-administrativos, tralo esgotamento da vía administrativa.

Novena. *Protección de datos e confidencialidade*

1. Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e demais normativa en vigor.

2. No caso de que durante o desenvolvemento deste convenio se puxese de manifesto a necesidade de proceder entre os asinantes a unha cesión ou comunicación de datos de carácter persoal incluídos nos seus respectivos ficheiros, farase de acordo co previsto no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 do decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como na propia Lei 15/1999.

Décima. Transparencia

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Undécima. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e terá duración ata o remate do curso académico 2016/17, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación.

Lido o convenio no lugar e data indicados no encabezamento, atópano conforme, polo que o asinan en triplicado exemplar.

**POLA CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA,**

O CONSELLEIRO,

**POLA FEDERACIÓN AUTISMO
GALICIA,**

O PRESIDENTE,

Román Rodríguez González

Antonio de la Iglesia Soriano